



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de usos administrativos
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax: 981 621 274
intervención@sada.gal

INFORME DE INTERVENCIÓN JPB 170/2020

Asunto: Fiscalización previa aprobación expediente. Expediente de contrato de obra POS+ 2020 Mellora de instalacións e pavimentos en camiños de Piñeiro, Meirás (Sada)

Normativa de aplicación

- Disposición adicional segunda LCSP
- Decreto de delegación de atribucións 1315/2019 de 11/07/2019

Antecedentes

1. Providencia da alcaldía para a incoación do expediente de data 30.07.2020
2. Consta memoria xustificativa do contrato suscrita polo concelleiro de obras e servizos o 30.07.2020
3. Proxecto da obra POS+ 2020 Mellora de instalacións e pavimentos en camiños de Piñeiro, Meirás (Sada), redactado polo técnico Gonzalo Mantiñán Campos
 - a) No apartado 13 da memoria do proxecto infórmase polo técnico redactor de que o mesmo ten o carácter de obra completa (art 99 LCSP)
 - b) No apartado 20 da memoria o técnico redactor da mesma informa de que o proxecto integra a documentación legalmente esixible(art 233 LCSP)
 - c) No proxecto intégrase informe urbanístico no que se acredita a adecuación das obras á normativa urbanística. Asimesmo infórmase de que se precisan autorizacións sectoriais de outras administracións:
 - Patrimonio Xunta de Galicia ao realizarse as obras dentro do contorno de protección do Pazo de Meirás: consta resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (exte.: 18/20) autorizando as obras
 - Axencia Galega de Infraestruturas por realizarse parte das obras dentro da zona de afección do vial AC-183: consta resolución do xefe de servizo da Axencia Galega Infraestruturas autorizando as obras (exte.: IF204A 2020/000078-1)
 - Deputación Provincial de A Coruña por realizarse parte das obras dentro da zona de afección do vial DP-5812: consta resolución 2203/2020, do 24.01.20 da Presidencia da Deputación Provincial A Coruña pola que se autorizan as obras
 - d) Non é necesaria a supervisión do proxecto ao non superar o orzamento base de licitación os 500.000 € IVE excluído(art 231 e 235 LCSP)
 - e) Proxecto aprobado por acordo do Pleno de data 18.12.2019. Corrección de erros aprobada por Decreto da alcaldía 496/2020 do 10.03.20
 - f) Consta trazado de planta do proxecto asinado polo técnico redactor do mesmo con data 10.03.20 (art 231 e 236 LCSP)
4. Consta no expediente prego de cláusulas administrativas particulares
5. O prego de prescricións técnicas particulares está incluído no proxecto segundo o disposto no artigo 233.1 c) da LCSP
6. Informe de data 08.08.20 da intervención municipal sobre o órgano competente en función do importe do contrato
7. Certificado de existencia de crédito suscrito pola intervención municipal con data 31.07.20
8. Informe da secretaría municipal de data 07.08.20

Informe

Emítase o presente informe en aplicación das previsións contidas no artigo 213 e seguintes do TRLRFL, e 116 da LCSP.

Aspectos competenciales

A memoria do proxecto describe o obxecto e xustifica as necesidades administrativas a satisfacer coas obras licitadas. Preténdese a renovación de infraestruturas municipais, neste caso referidas a pavimentos e rede de pluviais anexa. O artigo 25.2 prevé a

Mediante o Código de verificación (CVD) impreso no lateral esquerdo deste documento, pode Vde. Verificar a integridade autenticidade do mesmo na sede electrónica municipal: <https://sede.sada.gal>



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de usos administrativos
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax: 981 621 274
intervención@sada.gal

competencia municipal na pavimentación das vías públicas. Polo que a presente contratación entra dentro das competencias municipais.

No expediente non se acredita a titularidade municipal dos bens afectos á obra, se ben consta acta de trazado de planta e declaración do Pleno da dispoñibilidade dos terreos para a execución das mesmas

Aspectos contractuais

- 1) Aplicación da Lei 9/2017 de contratos do sector público: resulta de aplicación esa normativa ao expediente por estar incluído o Concello de Sada no seu ámbito subxectivo como administración local e non estar o contrato entre as exclusións reguladas no artigo 5 e seguintes.
- 2) Calificación del contrato
 - a) Tipo de contrato: aos efectos do réxime xurídico aplicable, visto o obxecto do contrato, e en función da regulación contida nos artigos 13, 25 e 232 da LCSP, o contrato debe calificarse como contrato administrativo de obra. Esta circunstancia está prevista no expediente
 - b) Subxección a regulación armonizada: tendo en conta que o valor estimado do contrato (resultante da aplicación do artigo 101 da LCSP) ascende a 94.684,73 €, en aplicación das previsións contidas nos artigos 19 e 20 da LCSP non estará suxeito a regulación armonizada. Esta circunstancia está prevista no expediente.
- 3) Configuración e elementos do contrato
 - a) Disposicións xerais
 - i) Necesidade e idoneidade do contrato (art 28 e 116 LCSP): Na memoria xustificativa do contrato remítese á xustificación existente no proxecto técnico
 - ii) Prazo de duración do contrato (art 29 LCSP): o apartado 6 do cadro de características do contrato prevé unha duración de 3 meses para a execución da obra. Ese prazo está xustificado no plan de obra incluído no proxecto. Estes prazos adecúanse ás previsións do artigo 29 da LCSP
 - b) Partes no contrato
 - i) Órgano de contratación
 - Competencia para contratar: Consta informe da intervención municipal de data 08.08.20 en relación ao % que supón o importe do contrato sobre os recursos ordinarios do orzamento a efectos de determinar o órgano competente: o informe determina que en aplicación do artigo 61 da LCSP e da súa disposición adicional segunda a competencia correspondería ao alcalde por non exceder o valor estimado do contrato do 10 % dos citados recursos ordinarios. Pero vista a delegación de atribución realizada pola alcaldía por decreto 1315/2019 do 11 de xullo, a competencia corresponderá á Xunta de Goberno Local ao superar o gasto os 12.000 €.
 - Responsable do contrato (art 62 LCSP):
 - O artigo 62 da LCSP prevé a identificación nos pregos da unidade encargada do seguimento e execución ordinaria do contrato. No cadro de características especificase que a unidade tramitadora será urbanismo e infraestruturas
 - O artigo 62 da LCSP exige que o órgano de contratación designe un responsable do contrato aos efectos de supervisión. O epígrafe 22 do PCA prevé o nomeamento de técnico director das mesmas
 - Perfil do contratante (art 63, 116 e 159.2 LCSP): O artigo 63 da LCSP regula as obrigas de información relativa aos contratos que deberá colgarse no perfil do contratante. A cláusula 10 do prego prevé a publicación do anuncio de licitación no perfil.; a cláusula 16.4 contempla a publicación no perfil da adxudicación. Deberán cumprirse na tramitación do expediente o resto de obrigas de publicidade na información recollidas no artigo 63 da LCSP.
 - ii) Empresario: O artigo 65 e seguintes da LCSP establecen as esixencias en materia de aptitude para contratar co sector público. O artigo 159 regula a tramitación do procedemento aberto simplificado, establecendo para o licitador a obriga de presentar declaración responsable en relación coa súa aptitude para contratar co sector público e a obriga de estar inscrito no ROLEC (art 159.4). O PCA recolle no seu apartado 12 a documentación que deberá aportar o licitador para acreditar as súas condicións de aptitude para contratar
 - Clasificación: Non se esixe clasificación, o que é conforme as previsións contidas no artigo 77 da LCSP
 - O artigo 159.4 da LCSP prevé que os licitadores que presenten ofertas a través deste procedemento simplificado deberán estar inscritas no ROLEC.
 - c) Obxecto (art 99 LCSP): o obxecto do contrato debe ser determinado e non fraccionarse. Sempre que a natureza do contrato o permita deberá preverse a realización independente de cada unha das súas partes mediante a súa división en lotes. Na memoria do contrato xustifícase a non división en lotes de acordo coas previsións do artigo 99.3 da LCSP. Sen prexuízo de criterio técnico mellor fundado, existindo no proxecto prestación diferenciadas dirixidas a integrarse na obra, parece certamente incompatible xustificar a imposibilidade de división en lotes por problemas de coordinación de distintos licitadores na execución da obra e permitir unha porcentaxe de subcontratación do 50 %
 - d) Importe (art 100 e seguintes LCSP):



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de usos administrativos
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax: 981 621 274
intervención@sada.gal

- i) Orzamento base de licitación: o artigo 100 da LCSP establece que o PCA determinará o orzamento base de licitación como o importe máximo que pode comprometer o órgano de contratación (IVE incluído). O prego debe desglosar os custos directos, indirectos e outros gastos que se tiveron en conta para a súa determinación. O PCA recolle no apartado 3 do cadro de características o orzamento base de licitación fixándoo en 114.568,52 € e desglosándoo as súas compoñentes no proxecto
 - ii) Valor estimado: O PCA recolle no apartado 4 do cadro de características o valor estimado do contrato fixándoo en 94.684,73 €. Esta valoración é conforme aos criterios establecidos no artigo 101 da LCSP para o seu cálculo
 - iii) Prezo: O PCA recolle no apartado 3 do cadro de características o orzamento base de licitación que determinará, a tanto alzado, o prezo do contrato por aplicación da baixa ofertada polo licitador que resulte adxudicatario. O artigo 102.3 da LCSP establece que o prezo deberá ser adecuado para o efectivo cumprimento do contrato, debendo estimarse segundo ao prezo xeral de mercado. O prezo do contrato xustificase no expediente no documento 4 do proxecto: orzamento e o anexo 4 da memoria xustificación de prezos
 - Non se prevé revisión de prezos: cláusula 4 do PCA. É conforme co artigo 103 LCSP
 - e) Garantías:
 - i) Garantía provisional: Non se esixe, o que é conforme coas previsións do artigo 106 e 159 da LCSP
 - ii) Garantía definitiva: cláusula 16.1.10, 5 % importe do prezo final do contrato excluído o IVE. É conforme coas previsións dos artigos 107 e 159 LCSP
- 4) Preparación del contrato de obra
- a) Expediente de contratación (art 116 LCSP):
 - i) Tramitación (art 119 LCSP): A tramitación será ordinaria
 - ii) Pregos de cláusulas administrativas (art 116.3 e 122 da LCSP) informados pola secretaría xeral o 07.08.20
 - iii) Prego de prescricións técnicas (art 116.3 e 124 LCSP): O prego de prescricións técnicas particulares está incluído no proxecto segundo o disposto no artigo 233.1 c) da LCSP
 - iv) Certificado de existencia de crédito (art 116.3 LCSP) emitido pola intervención municipal de día 31.07.20
 - v) Xustificación da elección da tramitación, procedemento e los criterios de selección (art 116.4 e 145 da LCSP): xustificados sucintamente na memoria do contrato. Cabe indicar que tanto a tramitación ordinaria, os criterios de selección e o procedemento aberto simplificado resultan de aplicación segundo os artigos 145 e 159 da LCSP.
 - vi) Informe xurídico (art. 122.7 LCSP e d.a.terceira LCSP): o artigo 122.7 e a d.a. Terceira da LCSP esixen a existencia no expediente de informe xurídico emitido pola secretaría municipal. A Junta Consultiva de Contratación Administrativa del Estado en expediente de consulta 64/2018, interpreta que o contido do informe xurídico debe ser específico para o prego de cláusulas administrativas e comprender tamén o conxunto do expediente de contratación. No expediente de contratación consta informe suscrito pola secretaría xeral do Concello o 07.08.20 no que infórmase favorablemente o expediente de contratación e os
 - vii) Valoración da repercusión do contrato na estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do Concello (d.a. Terceira LCSP, art 7.3 Lei Orgánica 2/2012):
 - A estabilidade orzamentaria entendida como necesidade ou capacidade de financiamento é a diferenza entre os capítulos 1 a 7 do orzamento de ingresos e os capítulos 1 a 7 do orzamento de gastos.
 - O principio de sustentabilidade financeira fai referencia á capacidade de financiamento dos compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade.
 - Segundo a memoria contida no proxecto a obra trata da substitución dunha infraestrutura antiga por outra nova de similares características, o que implica un menor custo de mantemento. Non se observa no proxecto elementos que impliquen incremento nos gastos correntes con respecto ás características anteriores. Sen prexuízo do dito a obra está financiada con cargo a unha operación de crédito concedida pola Deputación Provincial, polo que estase a financiar gasto non financeiro con ingresos financeiros, producíndose déficit no ano de execución polo importe da obra. Isto deberá ser tido en conta na execución orzamentaria a efectos de cumprimento do obxectivo de estabilidade fixado para as entidades locais
 - A operación de crédito prevista non implicará incumprimento do límite de endebedamento (110 % ingresos correntes liquidados): a débeda viva (incluídas as operacións de crédito derivadas do POS+ 2020) situaríase no 5,90 % dos ingresos correntes liquidados
 - Os compromisos de gasto derivados desta contratación non se prevé que teñan incidencia no incumprimento do período medio de pago a provedores
 - viii) Proxecto da obra POS+ 2020 Mellora de instalacións e pavimentos en camiños de Piñeiro, Meirás (Sada), redactado polo técnico Gonzalo Mantiñán Campos
 - No apartado 13 da memoria do proxecto infórmase polo técnico redactor de que o mesmo ten o carácter de obra completa (art 99 LCSP)
 - No apartado 20 da memoria o técnico redactor da mesma informa de que o proxecto integra a documentación legalmente esixible (art 233 LCSP)
 - No proxecto intégrase informe urbanístico no que se acredita a adecuación das obras á normativa urbanística. Asimesmo infórmase de que se precisan autorizacións sectoriais de outras administracións:
 - Patrimonio Xunta de Galicia ao realizarse as obras dentro do contorno de protección do Pazo de Meirás: consta resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (exte.: 18/20) autorizando as obras



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de usos administrativos
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax: 981 621 274
intervención@sada.gal

- Axencia Galega de Infraestruturas por realizarse parte das obras dentro da zona de afección do vial AC-183: consta resolución do xefe de servizo da Axencia Galega Infraestruturas autorizando as obras (exte.: IF204A 2020/000078-1)
 - Deputación Provincial de A Coruña por realizarse parte das obras dentro da zona de afección do vial DP-5812: consta resolución 2203/2020, do 24.01.20 da Presidencia da Deputación Provincial A Coruña pola que se autorizan as obras
 - Non é necesaria a supervisión do proxecto ao non superar o orzamento base de licitación os 500.000 € IVE excluído(art 231 e 235 LCSP)
 - Proxecto aprobado por acordo do Pleno de data 18.12.19. Corrección de erros aprobada por Decreto da alcaldía 496/2020 do 10.03.20
 - Consta trazado de planta do proxecto asinado polo técnico redactor do mesmo con data 10.03.20 (art 231 e 236 LCSP)
- b) Procedemento de adxudicación: Emprégase o procedemento aberto simplificado previsto no artigo 159 da LCSP. Tratándose dun contrato de obra de valor estimado inferior a 2.000.000 € e sen criterios de adxudicación avaliábeis mediante xuízos de valor, procede a aplicación deste procedemento.
- i) Publicidade: No procedemento aberto simplificado unicamente requírese anuncio de licitación no perfil do contratante. A cláusula 10 do PCA prevé esa publicación
 - ii) Prazo de presentación de proposicións: 20 días especificado no apartado 10 do cadro de características do contrato, cumpre coas previsións mínimas do artigo 159.3 da LCSP. Se ben non se xustifica nos termos previstos no artigo 136 LCSP
- c) Condicións especiais de execución (art 202 LCSP): a cláusula 27 do PCA prevé condicións especiais de execución que se adaptan a regulación establecida no artigo 202 da LCSP
- d) Criterios sociais e medioambientais (art 1.3, 202 LCSP) inclúense criterios sociais nas condicións especiais de execución previstos no artigo 202 LCSP.
- 5) Elaboración e remisión de información:
- a) Remisión de contratos ao Tribunal de Contas: tratándose dun contrato de obra de importe inferior aos 600.000 € non será necesario a remisión do contrato e extracto do expediente ao eu se refire o artigo 335 da LCSP.
 - b) Informe específico sobre o procedemento de adxudicación: No tratándose de contrato suxeito a regulación armonizada non se precisa a realización do informe previsto no artigo 336 da LCSP
 - c) Rexistro de contratos do Sector Público: Unha vez adxudicado o contrato deberá remitirse ao Rexistro de Contratos do Sector Público a información prevista no artigo 346

Aspectos orzamentarios

o artigo 54 do R.D. 500/90 define a autorización como o acto polo que se acorda a realización dun gasto determinado por una cuantía certa ou aproximada reservando a tal efecto parte dun crédito orzamentario ou a totalidade

Existencia de crédito: O artigo 173.5 do TRLRHL establece que non podrán adquirirse compromisos de gasto por importe superior ao crédito autorizado no estado de gastos do orzamento. Se certifica a existencia de crédito adecuado e suficiente a nivel de vinculación na aplicación 453 .61900 Proxecto 2020 2 13 6 1, RC 220200006264 por importe de 114.568,52 €.

Aspectos urbanísticos

O artigo 147 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia establece que as obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto previa acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e de protección do medio rural, así coma do planeamento en vigor. Neste senso, e como se tivo ocasión de informar en relación co proxecto :

1. Proxecto da obra POS+ 2020 Mellora de instalacións e pavimentos en camiños de Piñeiro, Meirás (Sada), redactado polo técnico Gonzalo Mantiñán Campos
 - a) No apartado 13 da memoria do proxecto infórmase polo técnico redactor de que o mesmo ten o carácter de obra completa (art 99 LCSP)
 - b) No apartado 20 da memoria o técnico redactor da mesma informa de que o proxecto integra a documentación legalmente esixible(art 233 LCSP)
 - c) No proxecto intégrase informe urbanístico no que se acredita a adecuación das obras á normativa urbanística. Asímismo infórmase de que se precisan autorizacións sectoriais de outras administracións:
 - Patrimonio Xunta de Galicia ao realizarse as obras dentro do contorno de protección do Pazo de Meirás: consta resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (exte.: 18/20) autorizando as obras

Mediante o Código de verificación (CVD) impreso no lateral esquerdo deste documento, pode Vde. Verificar a integridade autenticidade do mesmo na sede electrónica municipal: <https://sede.sada.gal>



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de usos administrativos
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax: 981 621 274
intervención@sada.gal

- Axencia Galega de Infraestruturas por realizarse parte das obras dentro da zona de afección do vial AC-183: consta resolución do xefe de servizo da Axencia Galega Infraestruturas autorizando as obras (exte.: IF204A 2020/000078-1)
 - Deputación Provincial de A Coruña por realizarse parte das obras dentro da zona de afección do vial DP-5812: consta resolución 2203/2020, do 24.01.20 da Presidencia da Deputación Provincial A Coruña pola que se autorizan as obras
- d) Non é necesaria a supervisión do proxecto ao non superar o orzamento base de licitación os 500.000 € IVE excluído(art 231 e 235 LCSP)
- e) Proxecto aprobado por acordo do Pleno de data 18.12.2019. Corrección de erros aprobada por Decreto da alcaldía 496/2020 do 10.03.20
- f) Consta trazado de planta do proxecto asinado polo técnico redactor do mesmo con data 10.03.20 (art 231 e 236 LCSP)

Visto canto antecede fiscalízase o presente expediente coas seguintes observacións:

- Na memoria do proxecto xustifícase a non división en lotes do obxecto do contrato. Existindo no proxecto prestacións diferenciadas dirixidas a integrarse nunha obra, non parece coherente aludir a dificultades de coordinación para xustificar a falla de lotes permitindo unha porcentaxe de subcontratación do 50 %.
- No expediente non se acredita a titularidade municipal dos bens afectos á obra, se ben consta acta de trazado de planta e declaración do Pleno da dispoñibilidade dos terreos para a execución das mesmas
- O feito de que a execución da obra obxecto do contrato esté financiada con cargo a préstamo provincial provoca déficit que deberá ser tido en conta na execución do orzamento a efectos de cumprimento do obxectivo de estabilidade.

Sada 9 de agosto de 2020

O interventor
Jaime Presas Beneyto
(asinado dixitalmente)